

TUI A TRAVÉS DA FILATELIA, UNHA PAIXÓN DE DON XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Carlos Pérez-Fonterosa Antón

Secretario do Grupo Filatélico de Tui

Como secretario do Grupo Filatélico de Tui desta cidade, ao comezo da miña participación nesta mesa redonda, quero agradecer á persoa ou persoas que se lembraron de min para facer parte dela, neste congreso que se pecha en Tui, a cidade natal de don Xosé María Álvarez Blázquez, a quen este ano a Real Academia Galega lle dedicou o Día das nosas letras.

Síntome moi honrado con esta distinción, por que xa desde os meus anos mozos sentín unha profunda admiración polo talento artístico-literario dos irmáns Álvarez Blázquez, e de maneira especial polo hoxe homenaxeado e tamén polo seu irmán, o doutor don Darío Álvarez Blázquez, do que tamén tería que lembrarse a Real Academia nalgúns dos anos vindeiros.

Non tiven a sorte de coñecer persoalmente a don Xosé María. Cando se foi para Vigo, por motivos xa coñecidos, eu era un rapaz, pero coñecía a súa faceta como filatélico. Si falei persoalmente con el en Vigo, no ano 1963, cando acompañado do amigo Manolo Lago, destacado filatelista vigués, e mais do cónsul de España en Valença do Minho, Xosé Luís de la Peña, lle fomos propor formar parte do xurado da primeira exposición filatélica de Tui. Na nosa cidade estabamos os filatélicos tudenses moi animados pola obtención, por parte do noso amigo Pepiño González García, do gran premio “Instambul-63”, que por aquelas datas era a maior distinción filatélica do mundo, polo que decidimos constituírnos en asociación. Nomeamos presidente ao avogado don Ildefonso Baquero Fortes, que tamén era Tenente Alcalde do Concello, o cal faleceu de súpeto un mes despois de ser nomeado, pasando eu a ocupar o seu lugar, e este era o motivo da miña presenza en Vigo. Lembro que tiña na rúa Xeneral Aranda, hoxe Pi i Margall que xa era con anterioridade, o seu establecemento, de nome Almoeda Monterrey, nun local cheo de libros vellos, material de escola para rapaces e outras moi curiosas cousas. Recibiunos unha señora, despois soubemos que era súa curmá, e foi o señor cónsul o que se deu a coñecer e preguntou por don Xosé María. A señora foi deseguida na súa procura nunha sala interior, e unha vez feitas as presentacións fixémoslle a nosa proposta, que el aceptou moi compracido. Como anécdota quero facer constar que ao coñecer don Xosé María a miña descendencia da familia Fonterosa lembroume a fonda amizade dos seus pais coa miña familia, especialmente co meu tío Bieito Fonterosa, que fora varias veces

alcalde de Tui, e que todos eles foran clientes do seu comercio da Corredera. E –dixo– por outras cousas máis...

Volvendo ao noso tema, fixemos a devandita mostra filatélica, a primeira de máis de corenta que levamos xa desde case cincuenta anos de andadura, nas instalacións do Club Náutico San Telmo, cuxo presidente era o xa citado Pepiño González, mostra que para aqueles tempos fora a admiración de propios e estraños. Infortunadamente, unha reunión extraordinaria, nas mesmas datas, da Real Academia Galega da que era membro, impedíronlle formar parte do dito xurado, o que lamentou moi sinceramente, delegando en Manolo Lago a súa representación e ofreceunos o máximo apoio á nosa recente nacida asociación.

Por aqueles anos a Filatelia era ao que máis se dedicaban os coleccionistas, a chamada Pre-Filatelia (cartas sen selos xa que estes comezaran a súa andadura anos máis tarde), as coleccións de selos facíanse por países, as marcas postais ou mataselos, dentados, erros, etc. etc., e así eran postos nos álbums, selos que hoxe en día teñen moitos deles un elevado valor. E a partir de mediados do pasado século, cando comezan na Filatelia as coleccións temáticas, feito motivado pola excesiva proliferación de países emisores de selos e os prezos das primeiras emisións dos países chamados clásicos. E entramos na Filatelia moderna. Selos dedicados a flores, barcos, literarios, menciña, animais, trens, monumentos, etc. onde a figura representada é obxecto dun fondo estudo que fica reproducido ao pé de cada selo e posto no correspondente álbum. Eu, que son amante das viaxes, a Arte e a Historia, decidínme polos anos cincuenta por un tema non moi en boga naqueles intres, pero hoxe dunha palpitante actualidade. Leva por título “Camiño de Santiago Patrimonio da Humanidade” e con el, sen saír da miña mesa de traballo, tiveron un maior coñecemento sobre os diferentes camiños que levan a Compostela, a historia de pequenas vilas medievais, as súas xentes, as súas casas brasonadas sobre os pórticos das fachadas, rolos xusticeiros, igrexas románicas, pontes, fermosos pazos que enfeitizan ao longo dos camiños, Xaca, Logroño, Santo Domingo da Calzada, Burgos, León, Astorga, Oviedo, Lugo, Santiago de Compostela... por soamente citar algunhas. E non me esquezo da nosa catedral de Tui, punto de partida do verdadeiro e xenuíno Camiño Portugués a Santiago, agora que saen camiños por todas as partes. Por certo que dous selos dedicados a Tui: a Ponte vella de ferro e a Catedral, os comezos en Galicia deste Camiño, son os únicos selos que Correos dedicou a Tui, despois de 150 anos de selos emitidos en España. O noso grupo tivo moito que ver con iso.

Ben entendeu a Filatelia temática don Xosé María cando puxo os textos aos selos, modernos naquel tempo, no libro que no ano 1963, coa colaboración do antes dito Manolo Lago, outro coleccionista temático cuxos selos de cabalos foron premiados no mundo enteiro, editou na editorial La Corneta, de Barcelona, un libro escrito en castelán. O referido libro leva o título de *Presencia de Galicia en los sellos*, e ao facer referencia ao selo número 1033 de España dedicado ao rei Fernando III o Santo, di o seguinte:

No se conoce a ciencia el lugar de nacimiento de este preclaro monarca de Castilla y León (1217-1252), pero los historiadores más autorizados aceptan, cuando no defienden con acopio de argumentos, que la cuna del Rey Santo ha sido la antigua ciudad de Tuy (provincia actual de Pontevedra), sede episcopal, famosa corte algún tiempo de la monarquía visigoda y patria de ilustres varones. Fernando III, hijo de Alfonso IX y doña Berenguela, demostraron a lo largo de su glorioso reinado una gran predilección por la iglesia tudense, concediendo importantes ayudas para la fábrica de la Catedral-fortaleza e inclinándose en favor de la Mitra y el Cabildo, en diversos pleitos habidos con el Concejo.

A los 13 años de edad, tras su nacimiento y educación en Galicia, fue llevado a Burgos, donde en 1217 recibió de su madre doña Berenguela la corona de Castilla, que intentó usurparle su propio padre, Alfonso IX de León, apoyado por la poderosa familia de los Laras. Alfonso penetró en territorios de su hijo en son de guerra, pero Fernando logró vencerle y obligarle a que se retirase a sus dominios leoneses. A la muerte de Alfonso IX, acaecida en 1230, Fernando III fue proclamado también rey de León, uniendo así en su persona las dos coronas.

Fernando III realizó una intensa campaña en la Reconquista del suelo peninsular, especialmente en Andalucía, cuyas principales plazas ganó definitivamente. Destaca la conquista de Sevilla (23 noviembre 1248), proeza bélica en la que se conjuraron los esfuerzos de la armada y los ejércitos de tierra. Allí se dieron cita numerosos nobles gallegos y una nutrida corte de trovadores y juglares galaico-portugueses, que siempre acompañaban al monarca, protector decidido de las letras y las artes. Cabe citar, entre tantos nombres famosos, el almirante-trovador don Payo Gómez Charino, señor de Rianxo. El propio Fernando III era poeta; se le atribuye con fundamento una cantiga en lengua gallega dedicada a la Virgen, precursora de las muchas que se deben a la pluma de su hijo, Alfonso X el Sabio, Fue confesor del Rey Santo, San Pedro González Telmo que residió en Tuy, de cuya diócesis es Patrono.

Fernando III falleció en Sevilla el 30 de mayo de 1252.

Desde aquel xa lonxe 1963 en que en Tui se realizou a primeira mostra de selos na que ía ser xurado don Xosé María e que foi considerada naqueles intres como unha das mellores de Galicia, o Grupo Filatélico de Tui segue vivo. No ano 2000 foi distinguido coa medalla de ouro ao mérito filatélico pola Federación Galega de Sociedades Filatélicas que fora presidida por don Xosé Freijanes Domínguez, polo seu historial, difusión da cultura filatélica e xestión de amizade protocolaria entre institucións filatélicas de Galicia e norte de Portugal. Preto de 50 mostras, a do ano 2000 presidida pola súa Alteza Real o Príncipe don Felipe de Borbón, e a do ano 2004 polas súas Maxestades os Reis de España, e medio centenar de mataselos especiais que espallaron polo mundo o nome da cidade de Tui, son a mellor proba da nosa existencia e da categoría das nosas mostras, moi superiores a moitas outras realizadas por cidades de maior número de veciños e superior capacidade económica ca a nosa. Precisamente, a última delas, a que fixemos neste ano, dedicada ao Día das Letras Galegas e ao personaxe que foi homenaxeado, o noso don Xosé María Álvarez Blázquez, está aínda na memoria de todos.

A Filatelia é unha ciencia apaixonante e fermosa. Eu penso que por outras moitas novidades tecnolóxicas que vaian saíndo (con permiso dos Correos), xamais se dará cabo dela. É coma unha facultade universitaria onde se estuda e investiga a Arte, a His-



Figura 1

cidade de Tui e seus contornos a nobre afección, bela e cultural, que os que fan coleccións de selos de correos [...]”.

Estiveron naquela xuntanza os señores Ildefonso Baquero Fortes, Xosé Luís de la Peña y Aznar, Xosé González García, Abrahan da Costa e Xeixas, Alberto Estévez Piña, Pilar Saracho Urtiaga, Luís Rodríguez Silva, Miguel Anxo Vidal Álvarez, Xavier Vila García, Xoán Álvarez Caramés e mailo que isto escribe. Escusou a súa asistencia por motivos profesionais Alberto Esteves de Figueiredo (Albertito), do Bazar Alberto, un experto coñecedor e comerciante filatélico. Desta xuntanza saíu unha xunta xestora que presidiu Ildefonso Baquero Fortes e como secretario, o que escribe. Nomeáronse tamén catro vogais. Adoptouse como emblema o escudo de Tui dentro dun selo e este no interior dun círculo (fig. 2) coa lenda: Grupo Filatélico Tudense-Tuy, que foi o nome en principio adoptado. A efectos legais pasou a formar parte do Centro de Iniciativas e Turismo, que presidía don Xosé Casal Aboy, como sección filatélica do mesmo.



Figura 2

toria, a Economía, a Política e a Técnica. En resúmidas contas, a Cultura.

Todo isto sabíao moi ben don Xosé María, ao que unía a súa faceta de escritor –que lle deu fama–, contar con ela como un dos seus moitos entretementos.

Aproveito agora a ocasión que se me brinda para facer unha pequena lembranza das actividades que, xa preto dos cincuenta anos de andadura, vén realizando o Grupo Filatélico de Tui.

Cando falaba da mostra do ano 1963, da cal reproducimos a portada do seu catálogo (fig. 1) –e todas, mellores ou peores, tiveron o seu correspondente–, había menos de seis meses que o noso grupo comezara a súa andaina. A acta textualmente dicía: “[...] a súa finalidade é fomentar na

Xa ao segundo ano celebramos unha nova mostra, esta si coa primeira marca especial que Correos concedía a Tui (naquel tempo ás primeiras mostras non se concedían matalos, máis ben era unha proba da capacidade de organización e da calidade das mesmas). E a tal fin, fixemos en Barcelona un luxoso sobre conmemorativo (fig. 3) cun debuxo da nosa catedral fortaleza, e como lenda os títulos de Moi Nobre e Moi Leal Cidade, que a Tui concedera o rei Felipe IV, co resto das outras cidades que foran capitais do Antigo




Figura 3

Reino de Galicia, no ano 1623, aínda que era recoñecida como tal cidade desde tempos moi antigos. O mataselos ten a lúa en minguanxe e as tres estrelas que figuran no escudo de Tui.

No ano 1966 imos xa pola terceira mostra. Era Tui, naquelas datas, a sensación filatélica de Galicia e onde máis mostrás se celebraban. O sobre conmemorativo (fig. 4) leva o deseño do Pórtico Occidental da catedral tudense, coa lenda da turística e monu-




Figura 4



Figura 5

mental cidade de Tui. E no mataselos, outra vez a catedral que, a fin de contas, é o monumento máis emblemático e polo que máis se coñece Tui.

Ata o ano 1972 estivemos sen celebrar novas mostras. Foi por estas datas cando se fixo cargo da presidencia Xosé Manuel González Troncoso e cando trocamos o noso distintivo (fig. 5).

O noso grupo acadaba autonomía propia e pasou a nomearse Grupo Filatélico e Numismático de Tui. Finalizou entón, despois de máis de nove anos, a miña xestión provisional como presidente, para a que fora nomeado tras o falecemento do anterior presidente, para pasar de novo ao meu cargo, o de secretario e comisario das exposicións. A mostra deste ano 1972 foi dedicada ao turismo e a figura do sobre foi a do Túnel das Monxas Clarisas (fig. 6), que neste ano 2008 vén de cumprir 500 anos de existencia. O mataselos ten como deseño o Parador Nacional de Turismo San Telmo, situado na orela do río Miño.

Podería ir mostrando, unha a unha, todas as mostras filatélicas celebradas, pero faríase moi longo este traballo. No seu lugar mostrarei aqueles mataselos considerados máis importantes. Eles son, digamos o “caramelo” dos coleccionistas.

No ano 1977 o mataselos da mostra foi dedicado á Festa do Meixón (fig. 7), unha das festas gastronómicas galegas de máis antigüidade, que agora, debido á escaseza e alto prezo desta cría da anguía, non se pode celebrar.




Figura 6



Figura 7



Figura 8



Figura 9



Figura 10

No ano 1980, a filatelia tudense estivo presente con este mataselos (fig. 8) conmemorativo do primeiro centenario da Ponte Internacional sobre o río Miño de estilo Eiffel.

No ano 1987, con motivo dos 25 anos do noso grupo, dedicouse a mostra á filatelia moderna e de noveis (fig. 9). A primeira que se celebrou en España nesta modalidade.

No ano 1992 a mostra dedicouse a San Telmo, padroeiro da cidade de Tui e dos Navegantes (fig. 10) coas tres carabelas símbolo do V centenario da descuberta de América, e os aros olímpicos alusivos á presenza dos deportistas tudenses nas Olimpíadas, onde un deles, Henrique Míguez, acadou a medalla de bronce en piragüismo.

En Tui, o 24 de xuño de 1891, celebráronse os primeiros Xogos Florais de Galicia, onde Alfredo Brañas no seu discurso, falando da nosa cidade, dixo: "Tui, a máis antiga cidade d'a terra galega". Conmemorando este primeiro centenario o mataselos da mostra foi unha obra do pintor Laxeiro (fig. 11).

Non podiamos esquecer a figura de Xosé González García, o noso socio de honor, un filatelista que percorreu o mundo acadando medallas de ouro en exposicións internacionais. Na nosa mostra de 1996 o mataselos leva o retrato, como a noso derradeira homenaxe aos cinco anos do seu pasamento (fig. 12).

No ano 1997 a mostra dedicouse ao Camiño Portugués de Santiago, por ser Tui a primeira etapa galega. O mataselos mostra o mapa galego do camiño (fig. 13).

Con motivo de facerse en Tui a Exfigalicia 2000, o mataselos da mostra leva o edificio da chamada Área Panorámica, o antigo Hospital e hoxe Casa da Cultura (fig. 14), onde nos atopamos.



Figura 11



Figura 12



Figura 13



Figura 14



Figura 15



Figura 16




Figura 17



Figura 18

No ano 2002 a mostra foi dedicada ao escultor tudense de cabalos, Xoán Oliveira, cuxa obra se atopa espallada polo mundo enteiro. No mataselos figura o monumento tudense da súa autoría (fig. 15). Nel pídese para Tui e Valença do Minho a declaración de Patrimonio da Humanidade, o que facemos en toda a nosa correspondencia.

No ano 2004 festexamos os 40 anos de existencia da nosa asociación. O mataselos (fig. 16) representa o emblema do noso grupo.

Tamén neste mesmo ano 2004, con motivo dunha homenaxe á Mariña Española, con presenza en Tui desde o século XIX coas patrulleiras Segura, Perla e as dúas Cabos Fradera, celebramos tamén unha mostra co mataselos (fig. 17) que leva os escudos de Tui e o da Escola Naval Militar de Marín, baixo unha mesma coroa e sobre as ondas do mar.

No ano 2005 a mostra foi dedicada ao monte Aloia, o primeiro parque natural que se fixo en Galicia. O mataselos (fig. 18) leva a Cruz monumental que coroa o seu cume.

Neste mesmo ano 2005, rendeuse unha homenaxe en Tui á irmá Lucía, a vidente de Fátima, lembrando os 20 anos da súa estadía en Tui, onde tivo unha das aparicións da Virxe. O mataselos (fig. 19) representa a aparición dos tres pastoríños de Fátima.

O emblema da Federación Galega de Sociedades Filatélicas, que foi precisamente creada na cidade de Tui, foi o tema deste novo mataselos (fig. 20) co que se conmemora os 40 anos de existencia e que na actualidade ten a súa sede en Tui.

Xa, neste ano 2008, a nosa mostra tiña forzosamente que ser para o noso ilustre pai-sano, mestre, escritor, investigador e filatélico don Xosé María Álvarez Blázquez, con motivo de ser o personaxe a quen está dedicado o Día das Letras Galegas 2008. O sobre conmemorativo (fig. 21), co mataselos, leva o seu retrato (fig.22).



Figura 19



Figura 20

Todos os sobres levan no reverso unha lenda alusiva ao tema. O de don Xosé María leva un pensamento seu que di así: “No medio, sempre, unha esperanza teimosa, que a voz dos mortos encirra acotío: o futuro da terra. Metido no meu mundo, nos meus libros, na miña ansia de saber, a terra é



Figura 21



Figura 22




Figura 23



Figura 24

o fito chantado no centro xeométrico do meu horizonte”. Tamén, salvando as distancias, este é o meu pensamento.

Deixo para o final os dous selos que correos dedicou a Tui: o da catedral (fig. 23) e o da vella Ponte Internacional de ferro (fig. 24). Pobre bagaxe para unha vella e histórica cidade coma a nosa. Precisamente, nestas datas, foinos negado o terceiro, que demandamos para conmemorar o V centenario do Mosteiro das Clarisas. Tui non tivo sorte nisto, como tampouco noutras moitas cousas. E nada máis.

Moitas grazas.